

Vigo, novembro de 2009. A finais do pasado mes de xuño, un grupo de veciños de Candeán e ADEGA, denunciabamos ante o SEPRONA un **imenso verquido** no lugar do Costal, preto do parque forestal do Vixiador, feito de cascallos procedentes supostamente das
obras de
"humanización"
que se están a executar en Vigo. O incríbel é que agora volve repetirse o mesmo. O pasado martes 17 de novembro a última hora da tarde foi detectado un camión do Concello de Vigo e un tráiler que transportaba unha pá escavadora que deixaban o lugar do Costal –o lugar dos verquidos de xuño- para voltar á súa base en Vigo. O día seguinte a parte máis baixa da pista do Costal presentaba un aspecto semellante ao que tiña logo dos verquidos do verán: enormes moreas de terra extraída do monte e un soterramento de máis de
500 m
3
de entullo
composto principalmente por bloques de asfalto e formigón.



Por riba, unha fina capa de xabre intentaba disimular o enorme vertido de entullo das obras, malia que, dada a grande pendente e chuvias destes días, a escorrentía estaba levando monte abaixo. Ante isto ADEGA denuncia que se están a facer de xeito reiterado **soterramentos ilegais** moi graves e daniños para o medio ambiente, e polo que semella sen autorización ningunha (quen podería dar un permiso así?).

Porén, semella evidente que alguén ten que ser o responsábel disto, e a Xunta Rectora da Comunidade de Montes e o Concello de Vigo deben dar
explicacións
do que insistentemente está a ocorrer. Sulbiñamos que isto incumpre con calquera normativa medioambiental, dos montes veciñais e da Lei de Ordenamento Urbanístico e Protección do Medio Rural de Galiza, onde non están permitidos nin sequera pequenos movementos de terra.

O que non é de recibo é
ocultar verquidos contaminantes e perigosos
para o medio e as persoas, e menos que iso se faga a costa do monte e coa pretensión de
"humanizar e poñer bonita a cidade"
.

Débese insistir en que non nos atopamos diante dun verquido puntual e pequeno –o cal tamén tería a súa gravidade-, senón ante unhas
operacións sistemáticas
que están a danar o monte durante moitos anos, tanto na zona onde se efectúan como para as augas que logo baixo terra ou pola superficie percorren toda a parroquia. Estímase que pode ser un verquido de
2.100 toneladas de entullo
, o equivalente a preto de 100 camións.

Esta situación inaceptábel debe deterse, e os responsábeis deben devolver o monte á súa situación natural. O que sobra en Vigo non pode agocharse ás caladas no monte.